

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	TUI
Edificio	Catedral de Santa María
Dirección	
Localización	Tellado
Nome	Campá de sinais (0)
Medidas (cm)	Diámetro (en cm) 39 Bordo 4,5 Altura do bronce 33 Peso aproximado (en quilogramos)34 kg
Fundidor	
Ano de fundición	1776
Descrición	A campá ten a inscrición habitual das campás galegas, aínda que moi abreviada. Di "IHS MARIA IJPH ANO DE I 7 7 6" que deberon escribir "IHS MARIA ET JOSEPH ANNO I776" e que se interpreta como JESÚS, MARIÁ E JOSÉ - ANO DE 1776. Como é habitual o nome de Jesús está escrito co seu anagrama en grego. Á parte de fóra ten unha imaxe de San Juan Bautista, e á de dentro unha cruz con pedestal. Non se indica o nome do autor, que é o mesmo que fixo a campá María do Santísimo Sacramento.
Fotos	23
Toques	Non se toca.
Conservación, mantemento	(11) grande buraco no meio pé, producido seguramente pola saída dunha bala de grande calibre ou dun pedazo de metralla. Mal orientada (a cruz cara o interior)
Protección	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente de inclusión da campá e do cepo no Inventario Xeral de Bens Mobles, debido ao interese do conxunto.
Propostas	Posiblemente o máis adecuado sería substituír o cepo de ferro por outro de madeira, que melloraría notablemente o son desta campá moi aguda. A madeira debería ser resistente á intemperie, pero a campá ten que permanecer en s mesmo lugar actual, que dá un aspecto característico á terraza da torre da Catedral. Do mesmo xeito un mecanismo debería tirar da sogá, sen pór directamente un motor á campá, para manter o toque antigo así como ese perfil da torre. De ningún modo a campá debe voltear completamente e tampouco ser dotada de electromazo exterior.
Autores da documentación	ÁLVARO MUÑOZ, Mari Carmen; LLOP i BAYO, Francesc
Data	11-09-2006

Folla completa da campá: [Campá de sinais \(0\) Catedral de Santa María - TUI](#)

PDF (29-06-2026)